

*Resolución do 3 de marzo de 2009 pola que se condiciona a efectividade da modificación do límite compatible do importe de axuda (de minimis) en determinadas liñas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), publicada mediante Resolución do 13 de febreiro de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 36, do 20 de febreiro).*

A Comunicación da Comisión Europea publicada no DOUE C 16/1, do 22 de xaneiro de 2009, establece un marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira. Así, no seu artigo 4.2º establece un novo límite compatible do importe de axuda (*de minimis*).

Mediante Resolución do 13 de febreiro de 2009 (DOG nº 36, do 20 de febreiro) modificouse o límite compatible do importe de axuda (*de minimis*) para os seguintes programas de axuda do Igape acollidos ao réxime *de minimis*, para os efectos de aplicarles o novo límite compatible do importe de axuda (*de minimis*):

-Bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio aos investimentos das empresas do sector de transporte público de viaxeiros por estrada, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Instituto Galego de Promoción Económica, feitas públicas mediante Resolución do 28 de abril de 2008, DOG nº 84, do 2 de maio (procedemento IG149).

-Bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas, feitas públicas mediante Resolución do 9 de maio de 2008, DOG nº 92, do 14 de maio (procedementos IG150, IG151, IG152, IG153, IG110, IG123, IG154, IG124, IG155, IG111, IG156, IG157 e IG158).

-Bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, feitas públicas mediante Resolución do 4 de novembro de 2008, DOG nº 215, do 5 de novembro (procedementos IG162, IG163 e IG164).

-Bases reguladoras das axudas do Igape para facilitar a análise empresarial das empresas galegas de cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bolsista (MAB), feitas públicas mediante Resolución do 10 de decembro de 2008, DOG nº 244, do 17 de decembro (procedemento IG165).

-Bases reguladoras dos incentivos económicos e dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, feitas públicas mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009, DOG nº 31, do 13 de febrei-

ro (procedementos IG107, IG113, IG114, IG119, IG121 e IG122).

Tendo en conta que os novos instrumentos regulados pola citada Comunicación (2009/C 16/01) non poderán ser executados na práctica ata que a comisión autorice o réxime de axuda estatal que, ao abeiro desta comunicación, deberá previamente notificar o Estado español, faise conveniente suspender a efectividade da modificación publicada.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

#### RESOLVO:

Único.-Condicionar a efectividade da modificación do límite compatible do importe de axuda (*de minimis*) para os programas de axuda citados, publicada mediante Resolución do 13 de febreiro de 2009 (DOG nº 36, do 20 de febreiro), ata que a comisión autorice o réxime de axuda estatal que o Estado español notifique ao abeiro da comunicación da comisión que establece un marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira (DOUE C 16, do 22 de xaneiro de 2009).

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica